

ESTATUTOS

CAPÍTULO I

CONSTITUCIÓN E FINALIDADES DA ASOCIACIÓN

Artigo 1º

Baixo o nome de CREA, Asociación de Directores e Realizadores de Galicia, constitúese unha Asociación sen finalidade lucrativa, acolléndose ó disposto na vixente Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

A Asociación rexerese polos presentes Estatutos en canto non estean en contradición coa Lei vixente, e polos acordos validamente adoptados polos seus órganos de goberno, sempre que non sexan contrarios á Lei e/ou ós Estatutos.

Artigo 2º

A Asociación ten personalidade xurídica propia e plena capacidade para obrar, administrar e dispoñer dos seus bens e realizar as finalidades que se propón.

Artigo 3º

Os fins principais desta Asociación son:

1. Impulsar e desenvolver o traballo e as obras dos directores e realizadores da industria audiovisual galega.
2. A formación e o desenvolvemento profesional dos directores e realizadores de Galicia.
3. A defensa dos intereses colectivos dos directores e realizadores de Galicia.
4. Edición e difusión das obras do colectivo.
5. Promover o diálogo entre os profesionais.
6. O establecemento de relacións con entidades análogas de todo o mundo e institucións, empresas e outros organismos tanto nacionais como estranxeiros.
7. A organización de actos, seminarios, cursos, conferencias, estudos, tribunas de opinión, publicacións, etc..., que permitan a construción dunha mellor Sociedade Civil dentro dunha opción de independencia política.
8. Fomentar intercambios de criterio entre os asociados, dirixidos á consecución ou ampliación de relacións entre si, a través de actos sociais, culturais ou recreativos.

9. Ser vehículo e cauce de comunicación coa Administración, impulsando o diálogo do sector público e do sector privado, fomentando as relacións mutuas e facilitando o intercambio de ideas, proxectos e iniciativas que conduzan a un maior e mellor entendemento e colaboración entre ambos estamentos.

Artigo 4º

O Domicilio da Asociación radicarán en Rúa Salvadas 2A, Parque de Vista Alegre, 15705, Santiago de Compostela

A Asemblea Xeral da Asociación terá atribucións para cambiar o domicilio dentro da comunidade autónoma galega, dando conta do seu acordo á autoridade competente.

Por acordo da Xunta Directiva poderán establecerse sucursais e delegacións, previas autorizacións legais que correspondan.

Artigo 5º

O ámbito territorial de actuación será principalmente a Comunidade Autónoma de Galicia; sen que isto impida a realización de actividades ou traballos para entidades tanto públicas como privadas fóra de dito territorio, a nivel nacional, europeo ou internacional.

Artigo 6º

A Asociación, terá en todo momento unha estrutura interna e un funcionamento plenamente democráticos constituíndose con carácter permanente, e só se disolverá por acordo da Asemblea Xeral extraordinaria, segundo o disposto nestes Estatutos ou por calquera das causas previstas nas leis.

CAPÍTULO II

DOS MEMBROS DA ASOCIACIÓN, PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN E CATEGORÍAS

Artigo 7º

A Asociación terá dúas categorías de socios: socios numerarios e socios de honra.

Artigo 8º

Serán socios de Honra aquelas persoas físicas que, a xuízo da Xunta Directiva, sexan merecedoras de tal distinción pola súa colaboración e apoio á Asociación, e/ou en virtude de méritos persoais e/ou profesionais.

Os socios de Honra non pagarán cota ningunha e terán os mesmos dereitos cós socios numerarios, coas excepcións especificadas no artigo 13º.

Artigo 9º

Poderán ser socios numerarios da Asociación tódalas persoas galegas ou residentes en Galicia, maiores de idade, e que teñan dirixido ou realizado, profesionalmente, algunha obra audiovisual que fose obxecto de comunicación pública.

A Xunta Directiva poderá solicitar documentación acreditativa de dita comunicación pública.

Artigo 10º

Para a súa admisión como membro da Asociación, as persoas interesadas formularán a súa solicitude por escrito (por correo ordinario, por correo electrónico ou a través dun formulario publicado na páxina web da Asociación) e dirixida ó Presidente, quen dará conta á Xunta Directiva para que esta resolva sobre a admisión na primeira reunión que celebre.

En caso de denegación da admisión, a Xunta Directiva debe trasladar a petición á Asemblea Xeral, para que se someta a votación na seguinte sesión ordinaria.

Non se adquire a condición de membro da Asociación mentres non se satisfagan os dereitos de entrada, ou primeira cota, na contía e forma que estableza a Xunta Directiva.

Artigo 11º

Os membros poderán solicitar a baixa na Asociación voluntariamente sen que iso lles exima de satisfacer as obrigacións que teñan pendentes coa entidade.

Cando un membro está atrasado no pago da súa cota procederase a dalo de baixa. O proceso a seguir para o cobro da cota, así como a forma en que se dará de baixa por impago, será establecido pola Xunta Directiva, pero en ningún caso deberá aceptarse o impago dunha cota durante máis de seis meses sen producir a correspondente baixa, salvo causa xustificada a xuízo da Xunta Directiva.

CAPÍTULO III

DEREITOS E DEBERES DOS SOCIOS

Artigo 12º

Os dereitos que correspondan ós socios numerarios son os seguintes:

- A. Dereito a participar nas actividades que se leven a cabo na Asociación.
- B. Asistir ou colaborar directa ou indirectamente en tódolos actos que se celebren.
- C. Recibir información de tódalas actividades que realice a Asociación.
- D. Facer uso dos servizos comúns que estableza ou que estean a disposición da Asociación.
- E. Formar parte dos grupos de traballo
- F. Impugnar os acordos e actuacións contrarios á Lei de Asociacións ou ós Estatutos, dentro do prazo de trinta (30) días.
- G. Coñecer, en calquera momento, a identidade dos demais membros da Asociación, o estado de contas, de ingresos e gastos e o desenvolvemento da actividade desta.
- H. Ter acceso, en calquera momento, ás actas das Asembleas Xerais e das reunións da Xunta Directiva.
- I. Exercitar o dereito a voz e voto nas Asembleas Xerais, podendo conferir, a tal efecto, a súa representación a outros membros que teñan, pola súa banda, voz e voto.
- J. Participar de acordo cos presentes Estatutos, nos órganos de Dirección da Asociación, sendo elector e elixible para os mesmos.
- K. Figurar no ficheiro de socios e facer uso do emblema da Asociación, nas condicións que regulamentariamente fixe a Xunta Directiva.
- L. Posuír un exemplar dos Estatutos e do Regulamento de Réxime Interior, se o houber, e presentar solicitudes e queixas ante os órganos directivos.
- M. Ser oído por escrito, con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias, e informando das causas que motiven aquelas.

Artigo 13º

Os socios de honra gozarán dos mesmos dereitos cós socios de número, excepto os establecidos nos apartados G), H), I) e J) do Artigo 12º, aínda que si terán dereito a voz.

Artigo 14º

Son deberes dos socios:

- Acomodar a súa actuación ás normas estatutarias.
- Prestar o seu concurso activo para a consecución dos fins da Asociación.
- Contribuír ó sostemento dos gastos co pago das cotas que se establezan pola Xunta Directiva, excepto os socios de Honra que quedan exonerados do pago de cota ningunha.
- Cumprir os acordos da Asemblea Xeral e as normas que sinale a Xunta Directiva para levar a cabo tales acordos.
- Desempeñar fielmente as obrigacións inherentes ó cargo que ostenten.

Articulo 15º

A condición de socio perderase nos casos seguintes:

- Pola separación voluntaria, comunicada por escrito, á Xunta Directiva.
- Pola separación temporal ou provisional por sanción, acordada pola Xunta Directiva cando se dea a circunstancia seguinte: incumprimento grave, reiterado e deliberado dos deberes emanados dos presentes Estatutos e dos acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e Xunta Directiva, así como calquera circunstancia externa á Asociación que poida afectar á imaxe da mesma, medida disciplinaria que necesariamente terá que ratificar posteriormente a Asemblea Xeral, a cal poderá adoptar o acordo de baixa definitiva do socio en cuestión.
- Por impago de cotas, con suxeición ó disposto no Artigo 14º.
- Por falecemento.

Artigo 16º

O acordo de separación, que será sempre motivado, deberá ser comunicado ó interesado, podendo este recorrer ós Tribunais en exercicio do dereito que lle corresponde, cando estime que aquel é contrario á Lei ou ós Estatutos.

CAPITULO IV

ORGANOS DE GOBERNO, REPRESENTACION E ADMINISTRACIÓN.

Artigo 17º

O goberno, representación ou Administración da Asociación estarán a cargo dos seguintes órganos colexiados:

- A Asemblea Xeral de Socios, como órgano supremo.
- A Asemblea Virtual.
- A Xunta Directiva.

DA ASEMBLEA XERAL:

Artigo 18º

A Asemblea Xeral, constituída por tódolos socios, é o órgano supremo da entidade e como tal é o órgano de expresión da vontade dos socios. Os seus acordos obrigan a tódolos socios, sempre que se pronuncie sobre asuntos propios da súa competencia.

Artigo 19º

A Asemblea Xeral estará presidida polo Presidente, e, no seu caso, polos Vicepresidentes, e en defecto de ambos pola persoa que designe a Xunta Directiva. Actuará de Secretario quen exerza esa función na Xunta Directiva, ou, no seu defecto, a persoa que designe a Asemblea.

Artigo 20º

Corresponde ó Presidente facer o cómputo dos asistentes, das delegacións de voto, e declarar, no seu caso, constituída a Asemblea. De igual maneira, correspóndelle ao Presidente dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da Asemblea, e velar polo cumprimento das formalidades legais e estatutarias.

Artigo 21º

As votacións serán secretas cando así o solicite un dez por cento dos votos presentes e delegados.

Artigo 22º

Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, agás o de convocar unha nova Asemblea Xeral.

Artigo 23º

Así mesmo, a Xunta Directiva ou, no seu caso, a Asemblea Xeral, poderán autorizar a asistencia, sen dereito de voto, de calquera outra

persoa da que a súa presenza resulte de interese para o bo funcionamento da Asociación.

Artigo 24º

A Asemblea Xeral será convocada en sesión Ordinaria, cando menos, unha vez ó ano, dentro dos seis primeiros meses do ano natural, a fin de aprobar o plan xeral de actuación da Asociación, o Estado de contas correspondentes ó ano anterior coa correspondente liquidación de ingresos e gastos e o orzamento do exercicio seguinte así como a xestión da Xunta Directiva, que deberá actuar sempre de acordo coas directivas e baixo o control daquela.

Artigo 25º

Sen prexuízo do disposto no artigo anterior, son competencias da Asemblea Xeral, os acordos relativos a:

- A elección dos membros da Xunta Directiva.
- A Federación e Confederación con outras Asociacións, ou o abandono dalgunhas delas.
- Modificación e cambio dos estatutos.
- Disolución e Liquidación da Asociación.
- Censura e remoción da Xunta Directiva.

Artigo 26º

A Asemblea reunirase en sesión extraordinaria cando así o acorde a Xunta Directiva, ben por propia iniciativa, ou por que o solicite un 20% dos socios indicando os motivos e fin da reunión.

Artigo 27º

A Asemblea Xeral será convocada pola Xunta Directiva, a través do Presidente, cunha antelación mínima de dez días naturais, no caso de ser sesión ordinaria, e de cinco días naturais no caso das sesións extraordinarias.

A convocatoria farase pública na lista de correo de CREA en internet. Así mesmo, poderase facer pública tamén por email á dirección de correo electrónico facilitada polo socio, ou por calquera outro medio que facilite a recepción por parte dos membros da asociación.

Artigo 28º

Na convocatoria deberase expresar a data, o lugar e a hora da sesión, tanto en primeira como en segunda convocatoria, cun intervalo de tempo entre a primeira e a segunda de, como mínimo, media hora. Tamén figurarán tódolos asuntos que se vaian tratar na Orde do Día.

Artigo 29º

En caso de que calquera socio desexe incluír algún tema na Orde do Día, poderá facelo comunicándoo por escrito na lista de correo de CREA en internet cun antelación mínima de 24 horas previas á celebración da sesión, en caso de ser un asunto que non necesite aprobación, e de 3 días en caso de necesitala.

Artigo 30º

Nas Asembleas Xerais, sexan ordinarias ou extraordinarias, é obrigada a existencia dun punto na orde do día reservado a *O Que Acontecer*. Neste punto serán expostos todos aqueles temas que non necesiten aprobación. Os temas formulados no punto de "o que acontecer", que necesiten o referendo da Asemblea, deberán ser tratados nunha próxima Asemblea tendo que figurar como punto da orde do día.

Artigo 31º

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a elas presentes ou representados, a metade máis un dos asociados; ou en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socios recorrentes.

Artigo 32º

Os socios poderán outorgar a súa representación, ós efectos de asistir ás Asembleas Xerais, en calquera outro socio. Tal representación outorgarase por escrito, ou por correo electrónico na lista de correo de CREA en Internet cunha antelación mínima de seis horas previas ó comezo da Asemblea.

Articulo 33º

Os acordos das Asembleas Xerais adoptaranse por maioría de votos.

Articulo 34º

De cada sesión levantarase unha acta que recolla a marcha dos debates e intervencións que tivesen lugar, así como as modalidades de decisión (unanimidade ou maioría) sobre as decisións adoptadas. As actas inseriranse nun libro debidamente dilixenciado e serán autorizadas polo Secretario da Academia, co visto e praxe do Presidente. De cada acta, o Secretario, co visto e praxe do Presidente, expedirá os certificados que se precisen.

DA ASAMBLEA VIRTUAL:

Artículo 35º

En todos aqueles casos nos que a Xunta Directiva decida someter algún asunto a votación entre os socios, pero considere que a convocatoria dunha Asemblea Xeral Extraordinaria é innecesaria (por tratarse de asuntos de escasa relevancia) ou inviable (por tratarse de asuntos de extrema urxencia), poderá propoñer dita votación a través dunha Asemblea Virtual na lista de correo de CREA.

Artículo 36º

Na proposta de votación deberá figurar claramente os seguintes puntos:

- o asunto a votar.
- as opcións de voto claramente descritas e numeradas.
- as razóns polas que a xunta directiva decidiu optar pola votación a través da Asemblea Virtual.
- a hora exacta de finalización do proceso de votación.
- a dirección -ou direccións- electrónicas ás que os socios poderán enviar o seu voto.

Artículo 37º

A proposta de votación deberá ser publicada na lista de correo de CREA cunha antelación mínima de 48 horas antes da finalización do prazo de votación.

Artículo 38º

O Secretario, ou a persoa designada pola Xunta Directiva, fará o recuento de votos, para o cal só considerará válidos os emitidos desde a dirección de correo facilitada por cada un dos socios e asociada á lista de correo de CREA.

Artículo 39º

Para preservar a decisión de cada un dos socios de facer público o seu voto ou mantelo en secreto, os votos poderán enviarse á lista de correo de CREA ou a unha dirección electrónica habilitada para o efecto.

Artículo 40º

Cada socio poderá emitir un único voto.

Artículo 41º

Non se permitira o voto delegado.

Artículo 42º

Os acordos das Asembleas Virtuais adoptaranse por maioría de votos.

Artículo 43º

O Secretario, ou a persoa designada pola Xunta Directiva, publicará o resultado da votación na lista de correo, no prazo máximo de 24 horas posteriores á finalización do prazo de votación; abrindo, nese momento, un prazo de alegacións de 24 horas.

Artículo 44º

A votación poderá ser impugnada cando un mínimo de dez socios así o solicite na lista de correo de CREA ou na dirección de correo habilitada para a votación, antes do remate do prazo de alegacións.

Artículo 45º

Quedan expresamente excluídos desta forma de votación todos aqueles asuntos recollidos nos artigos 24º e 25º.

DA XUNTA DIRECTIVA:

Artículo 46º

A primeira Xunta Directiva será a que figura no Acta Funcional coa distribución de cargos que figura na mesma e que estará integrada por:

- Un Presidente.
- Dous (2) Vicepresidentes, designados como 1º e 2º.
- Un Secretario.
- Un Tesoureiro.
- Un número de Vocais non superior a cinco membros, excluídos os cargos precedentes.

Artículo 47º

A elección dos membros da Xunta Directiva farase por votación dos membros da Asemblea Xeral, excepción feita dos integrantes da primeira Xunta Directiva, que son designados no Acta Fundacional.

Artículo 48º

As candidaturas deberán ser presentadas a través da lista de correo de CREA en Internet ou por calquera outro método que posibilite o seu coñecemento por parte dos socios. Sendo obrigatoria a presenza na Asemblea do que, dentro da candidatura, se postula para o cargo de Presidente.

Artículo 49º

A distribución do resto de cargos dentro da Xunta Directiva será decidida na primeira reunión que esta celebre e que necesariamente se levará a cabo dentro dos trinta días seguintes a contar dende a celebración da Asemblea Xeral na que foron elixidos.

Artigo 50º

Tódolos cargos da Xunta Directiva terán unha duración de dous anos computados desde a Asemblea Xeral en que sexan designados, ou no caso da primeira Xunta Directiva, desde o Acta Fundacional, salvo en ambos casos, revogación expresa daquel órgano. Os membros da Xunta Directiva exercerán o seu cargo gratuitamente, e poderán ser obxecto de reelección ata un máximo de oito anos consecutivos.

Artigo 51º

Para pertencer á Xunta Directiva será preciso reunir os seguintes requisitos:

- Ser designado na forma prevista nos Estatutos.
- Ser socio numerario.
- Ser maior de idade e gozar da plenitude dos dereitos civís.

Artigo 52º

Os membros da Xunta Directiva cesarán nos seguintes casos:

- Expiración do prazo de mandato.
- Dimisión.
- Cese na condición de socio, ou incursión en causa de incapacidade.
- Renovación acordada pola Asemblea Xeral, caso no que se nomeará un substituto por parte da Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva, segundo se acorde.
- Falecemento.
- Ausencia inxustificada e non convenientemente representada, reiterada nas sesións da Xunta.
- Cando se produza o cese pola causa prevista no apartado a) os membros da Xunta Directiva continuarán en funcións ata a celebración da Primeira Asemblea Xeral, que procederá á elección dos novos cargos.
- Nos supostos b), c), e) e f), o propio Presidente proverá a vacante mediante nomeamento dun socio numerario; nomeamento que terá carácter provisional, ata a celebración da primeira Asemblea Xeral, á

que corresponderá a súa ratificación ou, noutro caso, o nomeamento dun novo membro da Xunta Directiva.

Artigo 53º

As funcións da Xunta Directiva son:

- Dirixir a xestión ordinaria da Asociación, de acordo coas directrices da Asemblea Xeral e baixo o seu control.
- Programar as actividades a desenvolver pola Asociación, podendo organizar con tal fin os grupos de traballo e/ou comisións que estime convenientes en cada momento.
- Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- Confeccionar a Orde do Día das reunións da Asemblea Xeral, así como acordar a convocatoria das Asembleas Xerais ordinarias e extraordinarias.
- Atender as propostas ou suxestións que formulen os socios, adoptando ó respecto as medidas necesarias.
- Crear órganos de xerencia e dirección ou de asesoramento, nomeando as persoas para ocupalos e outorgándolles os poderes correspondentes.
- Nomear e destituír o persoal da Asociación.
- Potestades disciplinarias respecto ós asociados.
- Calquera outra non atribuída expresamente á Asemblea Xeral.
- Aprobar, no seu caso, o regulamento de desenvolvemento dos presentes Estatutos e/ou dalgún dos seus artigos. Tamén é competente para interpretar os preceptos destes Estatutos e cubrir as súas fallas, sempre someténdose á normativa legal vixente en materia de Asociacións.

A Xunta Directiva celebrará as súas sesións cantas veces o determine o Presidente, ben a iniciativa propia, ou a petición dun terzo dos seus compoñentes. Será presidida polo Presidente ou, na súa ausencia, por un dos vicepresidentes.

Para que os acordos da Xunta sexan válidos, deberán ser adoptados por maioría absoluta (computando as abstencións a efectos de contabilizar dita maioría) de votos dos asistentes. En caso de empate decidirá o voto de calidade do Presidente.

O Secretario ou, na súa ausencia, a persoa designada pola Xunta Directiva levantará acta das sesións na que figuren os acordos adoptados. Dita acta será transcrita ó Libro correspondente.

Artigo 54º

Cada un dos compoñentes da Xunta Directiva terá os dereitos e deberes inherentes á súa condición, así como os que nazan das delegacións que a propia Xunta ou a Presidencia da Asociación lle encomende.

Artigo 55º

Comisións: as comisións específicas que acorde establecer a Xunta Directiva para o mellor desenvolvemento das actividades da Asociación estarán formadas polos membros que esta designe en cada caso e integradas no seo da mesma.

O PRESIDENTE:

Artigo 56º

O Presidente da Asociación, e no seu defecto os Vicepresidentes, correlativamente, asumen a representación legal da mesma, e, sen prexuízo dos apoderamentos que a Xunta Directiva poida conferir en cada momento, executará os acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.

Corresponderá ó Presidente e no seu defecto ós Vicepresidentes, correlativamente, cantas facultades non estean expresamente reservadas á Xunta Directiva ou á Asemblea Xeral, e especialmente, as seguintes:

- Convocar, presidir e levantar as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade en caso de empate de votacións.
- Propoñer o plan de actividades da Asociación á Xunta Directiva, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- Ordenar os pagos que procedan, podendo delegar tal función no Tesoureiro ou persoa que estime conveniente.
- Resolver as cuestións que poidan xurdir con carácter urgente, informando sobre ditas cuestións á Xunta Directiva na primeira sesión que se celebre.

O SECRETARIO:

Artigo 57º

Ó secretario incumbiralle de maneira concreta recibir e tramitar as solicitudes de ingreso, levar o ficheiro e o Libro-Rexistro de Socios, e atender á custodia e redacción do Libro de Actas.

Igualmente, velará polo cumprimento das disposicións legais vixentes en materia de Asociacións, custodiando a documentación oficial da Entidade, certificando o contido dos libros e arquivos sociais, e facendo que se cursen á autoridade competente as comunicacións preceptivas sobre designación de Xuntas Directivas e cambios de domicilio social.

O TESOUREIRO:

Artigo 58º

O tesoureiro dará a coñecer os ingresos e pagos efectuados, formalizará o orzamento anual de ingresos e gastos; así como o estado de contas do ano anterior, que deben ser presentados á Xunta Directiva para que esta, á súa vez, os someta á aprobación da Asemblea Xeral.

O PRESIDENTE DE HONRA:

Artigo 59º

O Presidente de Honra representará en xeral á Asociación e presidirá e intervirá naqueles actos que se decida puntualmente polos órganos de goberno, así mesmo, poderá asistir sempre ás sesións da Xunta Directiva.

O seu nomeamento será potestativo, de duración indefinida, sendo designada a persoa a proposta da Xunta Directiva e posterior ratificación da Asemblea Xeral.

A Asemblea poderá asimismo revocar tal nomeamento, se así o deciden os socios en Asemblea Xeral convocada ó efecto, co voto das dúas terceiras partes dos socios con dereito a voto.

CAPÍTULO V

PATRIMONIO FUNDACIONAL E RÉXIME ORZAMENTARIO

Artigo 60º

Esta Asociación non ten patrimonio inicial.

Artigo 61º

Os recursos económicos previstos pola Asociación para o desenvolvemento das actividades sociais, serán os seguintes:

- As cotas dos seus asociados.
- Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións, legados e doazóns que poida recibir en forma legal.
- Os ingresos que obteña a Asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.
- Aportacións extraordinarias dos asociados previamente acordadas en Asemblea Xeral.
- Calquera outro ingreso que legalmente lle corresponda.

Artigo 62º

O orzamento anual da Asociación terá como límite os recursos económicos antes mencionados.

Artigo 63º

A Administración dos fondos da Asociación levarase a cabo sometida á correspondente intervención e coa publicidade suficiente, a fin de que os membros poidan ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos, en cumprimento do dereito consignado a este respecto no apartado g) do artigo 12º destes Estatutos.

Artigo 64º

O exercicio asociativo e económico será anual e o seu peche terá lugar o 31 de decembro de cada ano

CAPÍTULO VI

DISOLUCIÓN. LIQUIDACIÓN.

Artigo 65º

A Asociación disolverase:

- Por conclusión do seu obxecto social, por imposibilidade manifesta de darlle cumprimento ou por causa de forza maior.
- Por vontade dos socios, expresada na Asemblea Xeral convocada ó efecto, co voto das dúas terceiras partes dos socios con dereito a voto.
- Por sentenza xudicial.

Artigo 66º

En caso de disolución, a Xunta Directiva cesará nas súas funcións de forma automática, e a Asemblea designará os integrantes da Comisión Liquidadora -cun número de membros impar e non superior a cinco -, que levarán a termino as operacións de liquidación, así como as súas funcións e atribucións. Os seus acordos adoptaranse por maioría.

Artigo 66º

Se no procedemento de disolución e posterior liquidación, e, unha vez extinguidas as débedas, existise sobranse líquido, este deberá ser destinado á entidade pública ou privada sen ánimo de lucro que no ámbito español se caracterice máis pola promoción dos obxectivos e fins análogos ós desta Asociación.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Os presentes Estatutos foron aprobados na Acta Fundacional da Asociación o día 22 de marzo do ano 2014

Estes estatutos entrarán en vigor a partir do seu depósito no rexistro de asociacións da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Jorge Coira Nieto
Presidente

Juan Lesta
Vicepresidente 1º

Sonia Méndez
Vicepresidenta 2º

Gaspar Broullón
Secretario

Giselle Llanio
Tesoureira

Pela del Álamo
Vogal

Susana Sotelo
Vogal